

Premio Nobel 2009

Herta Müller (Nytzkydorf, Romanía, 1953)





Naceu no seo dunha familia pertencente á minoría alemá do país. A convivencia entre as dúas culturas levouna, desde moi cedo, a profundar no coñecemento de ambos os países. Cursou estudos de filoloxía xermánica e romana, e o seu primeiro libro, *En terras baixas*, publicouse en 1982, tras catro anos de espera e con supresións impostas

pola censura do seu país. Cando dous anos máis tarde a obra se publicou en Alemaña na súa versión orixinal,



as autoridades romanesas prohibiron a Müller o dereito a publicar. *En tierras bajas* componse de quince relatos ambientados nunha pequena comunidade rural, en que a autora narra as vidas dos seus habitantes, marcadas polo desespero, os conflitos e as relación co Estado. De feito, a ditadura de Ceacescu é escenario de boa parte da súas obras, como *El ser humano es un gran faisán en el mundo*, onde unha familia alemá agarda, con desespero, un permiso para abandonar Romanía. É tamén coñecida *La piel del zorro* (1992), un desgarrador

fresco dunha cidade romanese no derradeiros tempos da ditadura de Ceacescu, a través de múltiples esce-



narios e personaxes ameazados, marcados polo fracaso e a sospeita. Noutra das súas obras, *La bestia del corazón* (1994), céntrase na resistencia ao réxime ditatorial de

Ceacescu duns estudantes para que non destrúan a súa individualidade, así como na corrupción, na asimilación social e no fastío do mundo. *Atemschaudel*, a súa última novela (2009) aínda non traducida, está protagonizada por un xove de 17 anos enviado a un campo de traballo na Unión Soviética ao concluír a Segunda Guerra Mundial.